

Escarlatina


LEDICIA COSTAS. Xerais. **LIX-COS-esc**



Román Casas recibe como regalo de cumpreaños, que coincide co Día de Defuntos, un cadaleito cun sobre negro onde aparecen as instrucións para activar a Escarlatina, unha cociñeira falecida no século XIX que vai sempre acompañada da araña Lady Horreur. Xuntos, os tres amigos viaxarán ao inframundo.

Esmeraldina, a pequena defunta

LEDICIA COSTAS. Xerais. **LIX-COS-esm**



Esmeraldina vive no Hotel Fantastique xunto coa súa avoa *A Tremenda*, unha famosa chef que lle ensina moitos trucos culinarios. Esmeraldina enferma de escarlatina e morre. Ante a nova da súa morte, defuntos de todas as partes chegan ao hotel coa intención de instalarse. Esmeraldina necesita aprender a ser un fantasma de verdade.

De remate

HÉCTOR CAJARAVILLE. **LG-CAJ- de r**



Bieito Sanmarful, o protagonista desta novela, ofrécenos artigos que vai escribindo na súa columna de opinión nun xornal, textos sacados do seu diario íntimo, correos electrónicos, anotacións en blogs, poemas, documentos oficiais... Con todo isto o que nos ofrece é un retrato sociolóxico de Galicia dun xeito orixinal, divertido e engaiolante.

A ESTRELA DE NADAL

“E, velaí, a estrela que (os Magos) viran saír no Oriente foinos guiando ata se deter enriba de onde estaba o neno. (Mateo 2.9).

A tradición belenística fai que todos os anos por Nadal coloquemos nos nosos Nacementos unha estrela con cola, un cometa. Esta tradición ten a súa orixe nun cadro pintado por Giotto no 1301 titulado “A adoración dos Reis Magos”. Neste cadro o pintor situaba un cometa sobre o Portal de Belén, sen embargo non hai constancia científica de que ningún cometa surcase o ceo de Belén naquelas datas.

Resulta moi difícil saber se o nacemento de Xesús foi iluminado por algún corpo celeste porque o primeiro que descoñecemos é a verdadeira data deste nacemento que podería estar entre os anos 7 e 6 a.C. aínda que pareza un paradoxo.

O planeta Xúpiter desprazouse lentamente cara ao leste no ano 7 a.C. Non é desatinado pensar que os Magos coñecían este acontecemento e por iso se encamiñaron a Belén.

O astrónomo Kepler, tras numerosos cálculos, determinou que entre os anos 7 e 6 a.C. deuse a conxunción entre os planetas Xúpiter, Saturno e Mercurio dando lugar a un acontecemento marabilloso e rarísimo.


En marzo do ano 5 a.C. unha nova iluminou os ceos durante 70 días.

Calquera destes feitos astronómicos ou todos xuntos puideron ser interpretados polos Magos como un sinal para poñerse en camiño na procura do Mesías anunciado polos profetas.



Abrapalabra*

Biblioboletín número 12 – Nadal 2016



Bibliotecas
escolares
de Galicia



SUMARIO

Textos

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ, *Un conto de Nadal.*


A estrela de Nadal

Información

Recomendacións

Pioneros

WILLA CATHER. **82-LU-CAT-pio**




Alexandra Bergson, filla de inmigrantes suecos, faise cargo da granxa familiar, dos seus irmáns e a súa nai tras a morte do seu pai.

Alexandra traballará arreo na súa granxa de Nebraska para sacar adiante a súa familia e mantela unida.

O seu esforzo e tesón levaralle a superar todos os atrancos que lle pon esa terra á que tanto ama.

Un monstruo viene a verme

PATRICK NESS. **LIJ-NES-mon**



Conor ten trece anos e está a pasar por un momento difícil na súa vida: a súa nai está enferma de cancro, o seu pai está ausente e el está a sufrir acoso escolar. Sete minutos despois da medianoite, Conor esperta como todos os días dende que a súa nai comezou o tratamento para a súa enfermidade. Hai un monstruo na ventá, pero non é o monstro deses terribles pesadelos que o fan espertar

todas as noites. Este monstro non quere asustalo senón conseguir que Conor recoñeza toda a verdade.

Verne y la vida secreta de las mujeres planta

LEDICIA COSTA. ANAYA. **LIJ-COS-ver**



Cressida, a filla de Zeno Mayfield, desapareceu en plena noite, nas montañas de Adirondacks. Cando a comunidade de Carthage se une ao pai na súa frenética busca descubrirá ao sospeitoso máis inesperado: un militar condecorado, veterano da guerra de Iraq e íntimamente relacionado coa familia Mayfield.

AUTOR RECOMENDADO

Agustín Fernández Paz

(Vilalba, 1947 – Vigo, 2016) é un dos escritores máis coñecidos e valorados no ámbito da literatura infantil e xuvenil, en Galicia e no resto de España. É autor de máis de **corenta e cinco** títulos dirixidos preferentemente a lectores infantís ou xuvenís. Os seus libros, escritos en galego, tradúcense habitualmente ás linguas máis importantes.



Un conto de Nadal

Desde o alto, distinguiu unha aglomeración de xente arredor dun edificio inundado de luces. Un lugar ideal para iniciar a investigación que o traía á Terra. Selecciónou unha persoa que permanecía inmóbil e introduciuse nela.

O home non notou nada, agás un lixeiro calafío que atribuíu ao aire xélido daquela tarde. A translación funcionara sen problemas, e Xhantl foi asimilando aos poucos a nova realidade. Estaba na Terra, no interior dun humano, e experimentaba por vez primeira a estraña sensación de ser el e, ao tempo, ser outro diferente.

A persoa chamábase Moncho e levaba máis de tres horas de pé, diante daquelas portas polas que entraba e saía un río de xente. Os que marchaban, cargados de bolsas e paquetes, pasaban ao seu carón sen repararen nel. Só alguén, de cando en vez, depositaba unha moeda no bote que sostiña na man dereita.

Xhantl ficou abraiado coa ferverza de sensacións e sentimentos que Moncho albergaba. Cansazo, frío, dor nos pés. Desexo de berrar, de rebelarse ante aquela exhibición de riqueza. Vergonza de se atopar alí. De sentir as olladas de desprezo, ou de noxo, ou de indiferenza, ou de mágoa, que de todo había. A amarga sensación de invisibilidade, de non ser ninguén.

Comezaba a empardecer, e decidiu marchar. De camiño, pasou por unha praza onde algúns adolescentes colocaran un gran cartel, «ÁRBORE DOS DESEXOS», ao pé dunha moreira que estendía xenerosa as súas pólas espidas. Invitaban a canta persoa pasaba a escribir un desexo nunha tarxeta e pendurala logo da árbore.

Tras uns momentos de dúbida, Moncho achegouse ao banco onde unha rapaza sostiña unha caixa con tarxetas de cores rechamantes. Colleu unha de cor verde e escribiu cun rotulador o seu maior desexo. E despois pendurouna nunha póla da moreira; cuberta de follas de cores, a árbore experimentaba unha inesperada primavera.

Xhantl achegouse e leu algúns daqueles desexos: «Que non haxa ninguén sen casa», «Que os poderosos deixen de roubarnos», «Quero ter un can como *Milú*», «Que algún ano me toque a lotería»...

A rapaza do banco irradiaba alegría, cun sorriso permanente nos ollos e nos labios. Xhantl non o dubidou: abandonou a Moncho e, nun instante fugaz, mudou para o interior de Sara. O entusiasmo e as ganas de vivir bulían no corpo daquela moza. Que ben, experimentar a calor que dá a alegría!

Algún tempo despois, os mozos recolleron as cousas e acordaron marchar. Un reloxo luminoso marcaba as nove, e tamén a data daquel día: 24, decembro. Camiño da casa de Sara, coas rúas cada vez máis baleiras, Xhantl observou unha especial animación nun baixo comercial onde os carteis de «ALÚGASE» case tapaban os vidros dos escaparates. Non o pensou máis: o extraterrestre afastouse de Sara e introduciuse no corpo de Paulo, un home de pelo roxo que falaba con expresión animada.

As seis persoas que alí se reuniran afanábanse en arranxar o sitio, estendendo cartóns no chan e, por riba deles, uns colchóns e os sacos de durmir. No centro, dúas caixas da froita, sobre as que colocaran os alimentos e bebidas daquela noite.

A luz dun cámping gas iluminaba aqueles rostros, máis animados conforme transcorrían os minutos. Cearon, beberon, riron; e cantaruxaron en voz baixa, non querían que ningún policía lles viñese estragar a noite.

-Logo hoxe non queredes algún conto?- preguntou Paulo.

Os outros xa debían saber da súa arte, porque se meteron nos sacos de durmir e se acomodaron sobre os colchóns. Fíxose o silencio e as palabras comezaron a agromar da boca de Paulo:

-Isto pasou nun lugar preto de Fisterra. Vivía alí unha muller que...

O relato fluía cada vez con maior lixeireza e iluminaba os ollos de todos. E Xhantl, fascinado ante aquela ferverza de palabras, comprendeu por fin por que os científicos do seu planeta se interesaban tanto polos habitantes da Terra. Posuían o don marabilloso de imaxinar, de crear outros mundos e novas vidas por medio das palabras. Si, ficaría no corpo de Paulo, aprendendo aquela habilidade marabillosa: o engado das historias, a maxia das palabras que aníña -durmida, ás veces- no interior de todas as persoas.